

## A crecente comunidade de compradores de innovación sanitaria e social

Procure4Health é un proxecto europeo que ten por obxectivo superar os obstáculos que impiden a adopción da contratación pública innovadora en toda a UE mediante a creación dunha comunidade aberta de entidades compradoras interesadas na contratación sanitaria.

A comunidade está aberta a novos membros que desexen beneficiarse do seu valor. Os seus 33 socios fundadores (18 deles son compradores públicos e privados de toda Europa) promoven activamente a contratación de innovación mediante o intercambio de coñecementos e a capacitación, a creación de redes e o establecemento de contactos, a identificación de necesidades comúns e a posta en marcha de accións conxuntas para abordalas, ademais de influír na estratexia de contratación de innovación.

A achega neste proxecto do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) consistirá en compartir a súa extensa experiencia no ámbito da CPI, estratexias para fomentar o emprego desta ferramenta no sector público e difundir as prácticas sostibles. A participación en Procure4health integra ao SERGAS e a ACIS na maior rede europea de compra pública innovadora de ámbito sanitario, axudando ás partes a definir necesidades comúns, trazar estratexias para os retos sanitarios do futuro, compartir boas prácticas de CPI e contribuír a transformalas en políticas públicas.

### ¿Por que unirse a Procure4Health?

Ao unirse á rede terá acceso a

- Sesións de formación, eventos de networking e matchmaking
- Formación personalizada e asesoramento a través de Twinning
- Grupos de debate con outros membros para promover temas estratéxicos
- Un repertorio de recursos, que inclúe estudos de mercado, estudos de casos e mellores prácticas
- Estudos de mercado sobre produtos e servizos prioritarios
- Consultas de mercado con fabricantes e provedores
- Oportunidades de colaboración e intercambio de experiencias cunha ampla gama de expertos e profesionais da compra de innovación sanitaria de toda Europa
- Apoio a medida para identificar os retos comúns que requiren solucións innovadoras, seguido das correspondentes consultas abertas ao mercado sobre eses retos
- Explorar plans de financiamento para cofinanciar a adquisición de innovación
- Influír a nivel europeo na política sobre a adquisición de innovación para a saúde

Ao tratarse dun proxecto financiado pola Comisión Europea, estes servizos préstanse de forma gratuíta.

¿Quere saber mais? [www.procure4health.eu](http://www.procure4health.eu)